

## O recuncho do veciño

Este mes de xaneiro os **auto proclamados** "responsables da xestión do cemiterio" tiveron a feliz idea de publicar, sin notificación previa aos afectados, no tablón de anuncios da igrexa un listado cos nomes das familias que non pagan a cota destinada ao mantemento das instalacións. É lóxico que, se temos unha propiedade con espazos comúns, os gastos xerados (auga, luz, limpeza, etc) deben de ser asumidos polos propietarios; e quero destacar **PROPIETARIOS**, porque os terreos e construcións son propiedade da Igrexa, e os veciños tan só usufrutuarios dos nichos. Iso quere dicir que a

Igrexa, como propietaria, debería de asumir todos os gastos derivados e impostos aplicables. Para complicar isto un poquiño mais, a igrexa afirma que existen uns títulos nos que se recolle o dereito de uso e compromete aos usufrutuarios ao mantemento do seu nicho baixo a ameaza de retirarlles o dereito adquirido pero, aínda dando por válido un documento de carácter privado, ese acordo non o compromete a asumir os gastos comúns nin a pagar unha cota, polo que con ter o nicho e a parte proporcional de terreo en bo estado de conservación cumpriría co establecido no contrato. Unha vez exposta a situación tan

só me queda suxerir a quen o quenes publicaron os listados que os retiren, que na medida do posible se disculpen con quenes poidesen sentirse ofendidos e que convoquen unha xuntanza de usufrutuarios para constituir legalmente unha comunidade que poida atender os gastos comúns. Tamén recordarlles que para representar a un colectivo debemos de ser elexidos por este, as cotas deben establecerse de común acordo e as actuacións deben de rexirse por uns estatutos. Así é como se traballa en democracia.

Soledad Martinez (Veciña de Covas)

O recuncho do veciño é un espazo reservado para as vosas opinións, suxestións, contos ou calquera cousa que vos poida parecer interesante. Os artigos

poderedes entregalos en mán no Local Social, envialos por email a [covas@avvsantacombacovas.org](mailto:covas@avvsantacombacovas.org) ou por correo ordinario antes do día 25 de cada mes. A

directiva resérvase o dereito de non publicar aqueles textos con contidos insultantes ou ofensivos.

## Axenda de Febreiro

DIA 13/02/2009 EXPOSICIÓN DE PINTURA  
As 20:30h Apertura da exposición de pintura de GALA PEREDA

DIA 15/02/2009 FEIRON MENSUAL  
Feirón mensual na esplanada da Cooperativa

DIA 21/02/2009 CEA BAILE DE ENTROIDO NO LOCAL SOCIAL CO "DUO LATINO"

MENU

PREZO SOCIOS

PREZO NON SOCIOS

CONVIDAMOS Á  
PRIMEIRA COPA A  
TODOS OS QUE  
VEÑADES  
DISFRAZADOS Á CEA

SOPA DE COCIDO  
LACÓN CON GRELOS  
DOCES DE CARNAVAL  
PAN, BEBIDAS E CAFE

5€

10€

AS RESERVAS DEBERAN DE FORMALIZARSE ANTES DO 17 DE FEBREIRO NO LOCAL SOCIAL DE COVAS OU CHAMANDO AO TELEFONO 981 36 57 63 EN HORARIO DE TARDE

A ENTRADA SERA LIBRE E GRATUITA A PARTIR DAS 00:30H

DIA 28/02/2009 FESTA INFANTIL DE ENTROIDO NO LOCAL SOCIAL

O sábado 28 as 17:00h celebramos a Festa Infantil de Entroido 2009 no Local Social de Covas. Teremos animación con xogos, música e moitas sorpresas e tamén unha merenda con todo aquilo que mais vos gusta.

DIA 28/02/2009 FESTA DE ENTROIDO NO VIANA MAR  
A partir das 23:00h o Viana Mar organiza unha Festa de Entroido con musica, karaoke e moitas sorpresas. Habrá premios para o mellor disfraz e o mellor chiste da noite.

SEMENTEIRA DO TRIGO  
Comunicarase con antelación suficiente dependendo do tempo.

**+covas**  
sumando esforzos

# Noticieiro Veciñanza

Número 0 Xaneiro 2009

### FONDOS ANTICRISIS

O Concello esquécese de nos no reparto dos fondos.

### O TEMPORAL EN COVAS

Os ventos, de mais de 120km/h, pasaron sin deixar grandes danos.



### XUNTANZA CO ALCALDE

O Concello convoca ás Asociacións para tratar os temas pendentes.

## A Asociación de Veciños lanza o primeiro número do Noticieiro Veciñanza

**COMPROMISO** > Dende a directiva da Asociación de Veciños Santa Comba de Covas, comprometémonos a ofrecer unha información veráz e independente que se axuste en todo momento á realidade do noso pobo.

Con unha tirada de quinientos exemplares, sae a rúa este primeiro número do Noticieiro Veciñanza, que ten como obxectivo principal manter informados aos veciños de canto acontece en Covas e das xestións que se realizan coas distintas administracións. O noticiero, que de momento

terá carácter mensual, recollerá as novas mais destacadas e contará con unha sección que será unha ventá aberta á participación dos veciños, quenes poderán enviar calquera artigo, nova ou historia que desexen sexa publicado. Tamén haberá espazos publicitarios para aqueles negocios que desexen

utilizalos para dar a coñecer os seus produtos ou servizos. Os exemplares serán gratuitos e estarán á disposición dos lectores no Local Social, Cooperativa de Covas, establecementos de hostelería e alimentación e na web [www.avvcovas.com](http://www.avvcovas.com) en formato PDF.

## Proxecto para a mellora de accesos ao Porto da Cova

O Porto da Cova constitúe un refuxio natural situado estratéxicamente dendo o que se pode saír a faenar a maior parte do ano. Na actualidade resulta practicamente imposible a baixada e subida dun xeito seguro e sin engadir riscos á xa de por sí perigosa actividade da pesca. Facéndonos eco das suxestións presentadas por usuarios do porto e considerando que supón un beneficio para toda a comunidade, entregamos na Delegación de Pesca unha memoria, que conta co apoio da Cofradía de Pescadores e sindicatos do mar, describindo o estado no que se atopan os accesos ao Porto da Cova e solicitando unha intervención que permita adecuar a baixada ao embarcadero ás necesidades dos profesionais da pesca e marisqueo que traballan de cotío na zona. A proposta foi moi

ben acollida indicando que non apreciaban ningún problema técnico ou legal para levala a cabo. Unha vez que verificamos a viabilidade da actuación presentouse tamén ao Concello e levarase o vindeiro día 3 de Febreiro ao consello do porto de Ferrol. A proposta inclúe as seguintes actuacións: Reparación das barandas de madeira, recollida e canalización de augas, continuación do asfaltado (ou calquer outro tipo de material capaz de resistir a erosión da auga) nun tramo de aproximadamente 25 mts, construción dunha zona circular no final do tramo asfaltado que permita o xiro dos coches, construción dunha baranda de madeira na zona circular, construción dunha escaleira en madeira para a baixada con descansos que permitan salvar os desniveis existentes e un ancho suficiente para a circulación en paralelo de dúas persoas.

Novo logo para o ano 2009



Baixo o lema "sumando esforzos" presentamos o logo deseñado para utilizar durante o ano 2009.

Pago de cotas pendentes de 2008

Recordamos aos socios, con cotas pendentes de pago do ano 2008, que poden facelas efectivas no Local Social de Luns a Venres en horario de tarde.

## O temporal pasa por Covas sen ocasionar danos de consideración

Durante todo o fin de semana, ventos de mais de 120 km/h barreron todas as zonas do noso pobo. As fortes rachas provocaron cortes no suministro eléctrico así como a caída de numerosas árbores que limitaron o acceso a algunhas zonas.

As situacións mais críticas vivíronse no Camiño Real e no Prioiro ao caer árbores de gran tamaño que provocaron danos en muros e bodegas e derribaron postes das redes de distribución de electricidade e telefonía.

Afortunadamente non temos que lamentar danos persoais e os danos materiais quedaron minimizados pola excelente calidade das construcións existentes.

Grazas á rápida intervención dos servizos de emerxencia as estradas quedaron limpas para circular e restableceuse a electricidade, na maioría dos lugares, durante a mañán do sábado.

Para paliar os danos ocasionados a Xunta habilitou un paquete de axudas, publicadas no DOG do Venres 30 de Xaneiro de 2009, para a reparación dos mesmos e compensar as perdas causadas polo temporal.



Carretera Covas - San Xurxo cortada pola caída dun pino

## O alcalde Vicente Irisarri convoca xuntanzas coa asociación veciñais para tratar os asuntos pendentes e recoller as novas demandas

Tras tres meses de espera, o Concello comunicounos que en breve visitarannos para tratar os temas pendentes e recoller novas propostas. Durante a última quincena estivemos a preparar unha memoria con todas as demandas presentadas dende outubro de 2007 indicando o estado no que se atopan. Unha vez rematado o traballo comprobamos que das setenta e oito intervencións solicitadas non foron atendidas cincuenta e cinco que supoñen o 70,5% do total, atendéronse parcialmente dez e ao 100% tan só trece.

Tamén se elaborou un documento que recolle as seguintes actuacións:

Elaboración dun convenio coa Concellería de Turismo para

continuar coa promoción turística iniciada no 2008 (para ese ano contamos coa colaboración do Concello), renovación das axudas para o "Proxecto para a recuperación dos traballos tradicionais" concedidas durante 2008 por Participación Cidadá, estado no que se atopa o convenio para a cesión do edificio da escola e implicación do Concello na preparación do Museo etnográfico, inclusión de algún acto a celebrar en Covas dentro da programación de festas do verán, realización de charlas, conferencias, exposicións etc. na zona rural, preparación do antigo ximnasio para convertelo nun albergue para camiñantes e/ou peregrinos, equipamento do ximnasio instalado no Local

Social, pago da factura de reparación do alumeado do salón de actos, inclusión do edificio do Local Social no plan de mantemento de edificios municipais, desratización das beirarúas dende "Cruce de Papoi a cruce da cetárea", desratización do Local Social, asfaltado dun tramo de 30 mts na zona de Pedras Brancas - A Pedreira, rebacheo con zorra das pistas da parcelaria na zona de "Penarriba" e "As Pozas", mellora de accesos ao Porto da Cova, adaptación do repetidor de A Bailadora, colocación de un punto de luz novo na zona de "a cetárea", continuidade do programa "Teatro veciñal", poda de árbores en colexio, adro e triángulo, convenio para o concurso hípico Galeoch 2009 e renovación do convenio con Benestar Social para o ano 2009.

### Cancelamos a sementeira do trigo debido ao mal tempo

As continuas choivas que sufrimos durante todo o mes de xaneiro obrigáronnos a cancelar por dúas veces a Sementeira do Trigo; a actividade, que estaba programada inicialmente para o día 24 queda pendente ata que o tempo mellore e seque un pouco a terra.

Pedimos desculpas a todos aqueles a quen non puidemos avisar e que se desplazaron ata o local social. Tan pronto como sexa posible anunciaremos a nova data.

### Reanudación das actividades

Despois do periodo do Nadal reanudáronse todas as actividades con normalidade agás o teatro, que está pendiente de ser renovada polo Concello. Aproveitamos para recordaros que aínda quedan prazas libres para aqueles que desexedes comezar. Como sempre estamos á vosa disposición todos os días no Local Social en horario de tarde.

## O Concello de Ferrol esquecese de Covas na adxudicación de obras con cargo aos fondos anticrisis

Unha vez mais o Concello de Ferrol fai oídos xordos ás demandas presentadas polos veciños de Covas para a execución de obras con cargo aos fondos anticrisis. Ademais, non só ignoran as nosas propostas, tamén se negan a reunirse cos representantes da Avv desde que se solicitou o pasado mes de Novembro de 2008.

No seu día solicitouse a construción dun parque infantil e biosaludable na parte traseira do local social,

a reforma do ximnasio para crear o primeiro albergue para camiñantes de Ferrol, a adaptación do edificio do colexio para un museo etnográfico, o asfaltado de 6 km de viarios, a colocación dunha cuberta á pista polideportiva e a finalización dos traballos pendentes no local social.

De todas as propostas presentadas pola Avv, que cumprían cos requisitos requiridos, proba diso é que se van a executar intervencións

similares noutros barrios da cidade; tan só vaise a asfaltar un tramo do "camiño real" de 1,4 km que, en ningún caso, era unha das prioridades marcadas.

Unha vez mais sentímonos esquecidos por un goberno municipal que parece pensar que o rural ferrolán non existe, profundamente indignados porque non escoitan as nosas demandas e decepcionados porque non son capaces de ver as nosas necesidades.

## Promoción turística

Continuando co traballo iniciado en 2008 presentámoslle ao Delegado de Industria e Turismo o "PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DE COVAS" que ten como obxectivo dar a coñecer o noso pobo como destino turístico sin perder de vista a necesidade de protexer a natureza; recuperar o patrimonio etnográfico e cultural, relanzar o sector dos servizos como fonte de emprego e riqueza no rural e poñer en valor o mais do oitenta por cento de terreos ociosos promovendo os cultivos tradicionais como unha vía para obter produtos de calidade que gozan dunha forte demanda na actualidade.

As propostas presentadas foron as seguintes:

Recuperación dos traballos tradicionais, participación en mostras, ruta do pincho e produtos de calidade, concurso hípico Galeoch, creación dun Museo etnográfico, creación dun Albergue para camiñantes, protección do entorno, construción dunha senda de litoral, intervención arqueolóxica na Illa de Santa Comba e actuacións nas praias. Quedamos á espera da resposta do delegado sobre a posibilidade de subvencionar ou incluír nos programas de desenvolvemento turístico as ideas presentadas.

## Os Reis Magos estiveron en Covas



O pasado día 4 de xaneiro organizouse unha festa para que os nenos e nenas de Covas recibisen aos Reis Magos. Antes de que aparecesen tivemos unha sesión de contacontos coa nosa amiga Helga, despois apareceron Melchor, Gaspar e Baltasar acompañados dos paxes que lles axudaron a repartir agasallos e caramelos entre os mais de oitenta nenos que participaron na festa. Cando finalizaron, e dado que tiñan que continuar co seu traballo, despedíronse de todos e deixaron aos rapaces dando boa conta da merenda e xogando ata que cansaron.

## Ruta do pincho e produtos de calidade

Covas é gastronomía, e o lema elixido pola agrupación de hosteleiros para a IV edición da Ruta do Pincho que, este bimestre, ven acompañada dun sorteo de cestas de entroido que conteñen todo o necesario para facer unha boa laconada e os típicos freixós.

Os pinchos que nos ofrecen a partir do día 1 de Febreiro nos bares son: xibia con fabas, chourizo con patacas e pementos, caldo verde, criollo en salsa, cocido, calamares á romana, lacón con grelos, chouriciños con patacas, callos, costela con garbanzos, fabada e

guiso. Tamén podemos mercar o pan e doces artesáns no Forno e as carnes galegas ou o mellor aceite virxe en Alimentación Cobas. Sen dúbida, unha vez mais, quedaremos satisfeitos da calidade dos produtos e do estupendo servizo que nos ofrecen en Covas.